

# Cantos de Nadal 2010

BIBLIOTECA	DÍA	HORA
Monte Alto	Xoves, 9	18.00 h. (Pablo Díaz)
Sagrada Familia	Xoves, 9	18.00 h. (Olga Kirk)
Castrillón	Venres, 10	18.00 h. (Olga Kirk)
Infantil e Xuvenil	Venres, 10	18.00 h. (Pablo Díaz)
Rosales	Sábado, 11	12.30 h. (Olga + Pablo)

Asociación Tempos Novos / Sábado, 11 / 19.30h.

Fórum:

Obradoiro conxunto / Mércores 15 / 18.00 h.

Luns 20 de decembro / Ensaio xeral / 19.00h.

Luns 20 de decembro / 20.00h.

CONCERTO PARTICIPATIVO

CANTOS DE REIS. (Ciclo Fórum Folk)

A CORUÑA CULTURA  
tamén é  
cousa túa



Concello da Coruña  
Concellería de Cultura

# Cantos de Nadal 2010



# Cantos de Nadal 2010

As festas en Galiza teñen un compoñente imprescindible: o canto. Non hai festa que se prece, na que os participantes non rematen cantando. Así vén sucedendo desde séculos.

O mesmo ocorreu co tempo do Nadal, ocasión propicia para converter a noite nunha manifestación de alegría colectiva e ilusión.

Ao longo de xeracións foise transmitindo oralmente esta tradición, estes cantos que a Igrexa reconverteu en cantigas pagano-relixiosas que chegan até os nosos días. Dependendo do día, temos os Cantos de Nadal, de Reis e de Aninovo.

Coa intención de recuperarmos e continuarmos cantando a tradición do Nadal que perviviu ao longo dos séculos, propoñemos estes dous cantos para a súa aprendizaxe e así poder seguir transmitindo parte deste patrimonio ás futuras xeracións.

## CANCIÓN DAS NENAS (A PAÍNZA – TORDOIA – A CORUÑA) (Cantábase en aninovo)

O teu cabelo dama  
é maneo de ouro  
que cando o peino  
enrízase todo

Os teus ollos dama  
parecen luceiros  
que alumean de noite  
ao rei que está nos ceos

As túas orellas dama  
excusan pendentes  
porque chas adornan  
a túa querida fronte

O teu nariz miúdo  
é moi afiado  
que á punta espada  
traio comparado

A túa boca dama  
ten dúas ringleiras  
de dentes miúdos  
que parecen pedras

A túa lingua dama  
túa lingua vermella  
na auga rebota  
e logó clarea

Os teus peitos dama  
vimos adorar  
que os deixou Cristo  
para alimentar

Os teus brazos dama  
parecen dous remos  
para nós remar  
cando embarquemos

A túa cintura dama  
é un contrabando  
cando vas andando  
vaste revirando

A túa barriga dama  
é moi pequeniña  
que nela se forma  
unha margarida

Con iso que tapas  
co teu delantal  
ten dúas columnas  
é pazo real

Ese pé pequeno  
ese andar miúdo  
con ese corpiño  
enganas ao mundo

Rapaza solteira  
amiga dos homes  
por media peseta  
non vaiamos pobres

Rapaza solteira  
e amiga da troula  
por peseta e media  
non quedes de tonta

## CANTO DE REIS DE BARRO (Arén – Cerdedo – Pontevedra)

E no portal de Belén  
naceu un fermoso neno  
e un anxo baixou dicindo  
que era o rei dos xudeus

E no portal de Belén  
do ceo colga unha escada  
para visitar ao neno  
os anxos soben e baixan

E viñeron os Reis Magos  
moi cansos de camiñar  
abandonan os seus cabalos  
ao neno van adorar

E os pastores que souberon  
que o neno quería festas  
houbo un pastor que rompeu  
cen pares de castañetas

Esas uvas, esas pasas  
ese mel, esas castañas  
son para lle dar ao neno  
que está deitado nas pallas

Toquen o pito e a fruta  
imos ao baile florido  
para ver a ese neníño  
que está no portal dormidiño

Ímoslle botando destas  
mulinetas para que nos  
dean ovos e pesetas  
ímoslle botando destas  
mulinadas para que nos  
dean ovos e castañas

